

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO ENTORNO SANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa entidade FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comezará a contar dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

o desenvolvemento das seguintes accións especificamente no ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA)

- Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.
- Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais nese ámbito.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Plan Estratéxico de Saúde Mental recolle entre os seus obxectivos operativos o establecemento dun “programa antiestigma, de sensibilización social e loita contra a exclusión, que promova a inclusión e integración social de pacientes con trastorno mental severo e persistente”, polo que son de interese as actividades de divulgación e sensibilización dende a Federación Autismo Galicia encamiñadas a estes obxectivos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do

14 de novembro (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

